

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E O COLEXIO TERRITORIAL DE SECRETARIOS, INTERVENTORES E TESOUREIROS DA ADMINISTRACIÓN LOCAL DE PONTEVEDRA

En Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, Beatriz Cuiña Barja, secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, facultada para a sinatura deste convenio por resolución do 14 de setembro de 2016 do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Pola outra parte, José Luís Mato Rodríguez, presidente do Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local de Pontevedra actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.a) dos seus estatutos.

EXPONENTE

PRIMEIRO. Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, sen prexuízo das demais competencias que legal e regulamentariamente teña atribuídas e de conformidade co previsto no Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local. Dentro desta materia, ten atribuída a execución das competencias que, con respecto aos funcionarios con habilitación de carácter estatal, lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia.

SEGUNDO. Que segundo o disposto no Real Decreto 353/2011, do 11 de marzo, polo que se aproban os Estatutos Xerais da Organización Colexial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local, os colexios oficiais que integran a dita organización

son corporacións de dereito público, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar plena para o cumprimento dos seus fins e que teñen entre as súas funcións o impulso, a través dos medios que procedan, do estudo do dereito e técnicas de administración que afecten aos profesionais colexiados, así como cantas outras funcións redunden en beneficio dos intereses profesionais dos colexiados.

Que os colexiados, como persoal que ten reservada a prestación das funcións públicas cualificadas como necesarias nas Corporacións Locais, teñen particular interese en participar e colaborar no proceso de xestión e elaboración da normativa autonómica relativa á Administración Local.

TERCEIRO. Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local de Pontevedra, no ámbito das súas respectivas competencias, consideran oportuno establecer un marco de colaboración que lles permita xuntar esforzos para facilitar a consecución dos seus intereses comúns.

CUARTO. Que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública debido ás singulares características que presenta o Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local de Pontevedra, xa que unicamente existen catro colexios territoriais en Galicia, un por cada provincia, sendo este o correspondente á provincia de Pontevedra.

QUINTO. Que o Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local de Pontevedra cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da axuda, conforme co disposto no artigo 10 da Lei 10/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En virtude de todo o exposto ambas as dúas partes, recoñécense capacidade para comprometerse e someterse ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer un marco de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o

Colexio Oficial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local de Pontevedra para a consecución dos seus intereses comúns. Neste ámbito, o Colexio desenvolve, de conformidade cos seus Estatutos, un conxunto de actividades no ámbito da administración local, que a Vicepresidencia e Consellería considera de interese xa que redunda en beneficio da mellora do funcionamento da Administración local galega.

SEGUNDA. Obrigas do Colexio

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do Colexio:

1. Destinar os fondos que se perciban ao obxecto concreto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
2. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, nos termos establecidos neste convenio.
3. Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houberse, xunto cos xuros de demora devindicados desde o momento do pagamento até a data na que se acorde a procedencia do reintegro, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
 - a. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.
 - b. No suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - c. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - d. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
4. Prestar a colaboración e facilitar toda documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas no exercicio das súas

funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

TERCEIRA. Obrigas da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, colaborará co Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local de Pontevedra (en diante, o Colexio), mediante a achega en favor do dito Colexio da cantidade máxima de tres mil novecentos euros (3.900 €), con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.481.2 (Código proxecto 2015 00098), dos orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2016, que servirán para financiar os gastos correntes necesarios para o funcionamento desta organización colexial.

Esta cantidade representa o 79,08 % do orzamento total das actuacións que se subvencionan en virtude deste convenio:

Descrición	Importe
Gastos correntes do Cosital de Pontevedra no exercicio 2016	4.931,63

O importe detallado ten carácter estimativo, de tal xeito que se aceptarán variacións no custo da súa execución final. No entanto, no caso de que o gasto total realizado e xustificado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente das actividades subvencionadas, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo final do gasto.

Este achega é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Porén, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

CUARTA. Gastos subvencionables

No marco das actividades ás que se refiren as cláusulas precedentes, consideraranse gastos subvencionables aqueles efectivamente realizados e pagados entre o 1 de xaneiro e

o 15 de novembro de 2016 polo Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local de Pontevedra para financiar os gastos correntes referidos nas cláusulas deste convenio, quedando o Colexio obrigado a destinar os fondos percibidos para financiar os devanditos gastos.

Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado neste convenio.

Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario.

A data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para a presentación da referida documentación xustificativa será o 15 de novembro de 2016.

QUINTA. Conta xustificativa

Para percibir o importe da subvención na contía que corresponda, ata o importe máximo previsto na cláusula terceira, o Colexio deberá acreditar a execución das actuacións que constitúen o obxecto deste convenio mediante a presentación da seguinte documentación:

1. Certificación expedida pola Secretaría do Colexio, co visto e praxe da Presidencia, relativa á aprobación da conta xustificativa da subvención, na que constará a relación dos distintos conceptos e contías soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada.

A relación incluírá a identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de pagamento.


2. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na certificación á que fai referencia o punto anterior.
3. No caso de gastos de persoal, deberanse remitir como xustificantes tanto os documentos acreditativos do pagamento das retribucións como, de ser o caso, os documentos xustificativos do ingreso dos seguros sociais e das cotas do IRPF.
4. O pagamento dos gastos incorporados na relación do punto 1 desta cláusula, deberá acreditarse mediante copia das correspondentes transferencias bancarias debidamente identificadas, seladas pola entidade bancaria e asinadas polo Colexio.

No suposto de que o pagamento se realice mediante banca electrónica, os xustificantes das transferencias bancarias deberán presentarse asinados e selados polo Colexio.

5. Declaración do conxunto das axudas solicitadas para o mesmo proxecto ou gasto das distintas administracións públicas ou das súas entidades vinculadas ou dependentes; a declaración irá referida tanto ás axudas aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución.
6. Declaración responsable de non estar o Colexio incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Para os efectos do previsto no artigo 11.e), 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que o Colexio se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedor por resolución de procedemento de reintegro.

O prazo para a presentación da documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 15 de novembro de 2016.

SEXTA. Publicidade



O Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local de Pontevedra consinte a inclusión dos datos relevantes deste convenio así como ás sancións impostas, de ser o caso, nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da CC.AA para o exercicio 2006 e no artigo 16 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, as partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

SÉTIMA. Compatibilidade con outras subvencións

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da obra ou equipamento subvencionados.

OITAVA. Facultades de inspección

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias, a través dos seus servizos técnicos, co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

NOVENA. Seguimento do convenio

Para o seguimento da execución do presente convenio e para a solución das controversias que se puideran suscitar constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante da Dirección Xeral de Administración Local e un representante do Colexio ou persoas en quen respectivamente deleguen.

A Comisión mixta poderá ditar as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando así o solicite algunha das partes. As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio
- Proposta, de ser o caso, de addendas
 - Coordinación das funcións de ambas as dúas partes
 - Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio

DÉCIMA. Causas de resolución

Ademais das xerais, son causas específicas de resolución do presente convenio as seguintes:

- a) As aplicación dos fondos achegados para outro fin distinto dos que constitúen o obxecto deste convenio.

- b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas establecidas no convenio.
- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se executen ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención.

DÉCIMO PRIMEIRA. Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO SEGUNDA. Normativa de aplicación.


No non previsto neste convenio estarase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA. Vixencia do convenio

Sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a vixencia ata o 30 de decembro de 2016.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente Convenio en duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

A secretaria xeral técnica da Consellería de
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza


Beatriz Cuiña Barja

O presidente do Colexio Territorial de
Secretarios, Interventores e Tesoureiros
de Administración Local de Pontevedra


José Luís Mato Rodríguez